

A NOSA TERRA



DEFENSA DOS NOMES DA TERRA

DARIO XOHAN CABANA

Había unha vez unha patria, verde e dormida. Tiña vales montañas, ríos, aldeas e vilas, e o pobo que habitaba o seu territorio déralle nomes sonoros que cadraban ben coa lingua que falaba. Había nomes que recordaban o marmurio do vento, outros que se referían ás animas e aínda outros máis que recordaban unha vella historia dun pobo que chegara seguindo o sol, o pobo dos celtas, e que fora unha base fundamental da nova nación.

Un día, coma a meiga do conto, apareceron funcionarios ou burócratas pra elaborar o nomenclator. Os funcionarios estaban ás ordes dun poder alleo dependían de Madrid, e ben porque non fosen galegos xa ou porque fixeran oposicións a deixar de selo, no gustaban de certos sonidos tradicionais. Poseídos de fobia imperial e uniformadora, querían que o mapa non tivera diferencias o nome indixina no lles gorentaba, sonaba mal pra eles, afeitos a unha lingua allea. Onde escoitaron Niñodagüila, e como eran moi ignorantes das cousas do país, pensaron que se traducía por «Niño de la Guía», e así o fixeron constar. Ourense pasou a denominarse oficialmente «Orense», Melide convertiuse en «Melid» moito á imaxe da gran metrópole, a Terra Chá pasou a ser «Tierra Llana».

A agresión tamén foi feroz, aínda máis se cabe, no que se refire á toponimia urbana. Dá tristeza dar unha volta por unha vila ou unha cidade galega mirando as placas de rúas e prazas: nomes castrapizados, avenidas con nomes de persoeiros españois ou españolistas, fascistas escuros ou de primeira línea, persoas e institucións, en fin, alleas á nosa realidade nacional. Os municipios galegos non se distinguiron, así polo regular, pola súa galegitude. É a triste condición dos colonizados que arreneegan do seu polo alleo na miña cidade de Lugo, poñamos por caso, hai un lugar que de sempre foi chamado Fonte dos Ranchos. Os ilustres

responsables do bautismo oficial ocurriuselles que era moito máis apropiado denominalo «Plaza del Ejército Español», á Rúa do Progreso, «Calle de José Antonio», e tamén foi moi pintoresco o bautizo que sufriu algún tempo a Rúa Nova: «Calle de la Ruanueva». Nomes ilustres, galegos, patriotas, escritores e artístas, son, o millor dos casos, arrecullados a canellas de catro casas, como é o caso da rúa que Rosalía de Castro tén en Vigo. Con Castelao, con Bóveda, pasa o mesmo, son afogados por un Franco ou un José Antonio, que xa me dirán vostedes o qué fixeron por Galicia se non é perpetuar e afondar a súa colonización.

Os nomes da terra, das aldeas, das vilas, das cidades, das rúas e das prazas, son un patrimonio cultural irrenunciable que os nacionalistas debemos erguer coma unha bandeira. A loita pola normalización da nosa lingua e da nosa cultura non pode esquecer esta parcela que é un signo de identidade nacional. Os galegos temos dereito a nos chamar cos nosos propios nomes, e temos a obriga de facelo así e con outros ningún.

Xa de sabido non cómpre dicir que a democracia en España non significa democracia en Galicia, e o tema da toponimia demostra as claras. Os persoeiros desa «democracia» enchén a boca loubando nela, e mentras tanto unha reivindicación tan sentida polos galegos como é a devolución da toponimia sigue sin ser cumprida. Os axuntamentos e as diputacións, na súa inoperancia caciquil, siguen a non facer nada concreto. Da chamada «Junta de Galicia», novo enveto colonial, millor non falar, pois ademais de que a súa existencia real é moi discutible polos indicios que se teñen, está ben claro que non foi feita pra cumprir as reivindicacións galegas, senón máis ben pra adornamentalas e enganalas.

Xa hai anos, persoas do pobo armadas con

esprais e botes de pintura escomenzaron a rectificar os letreros das estradas, restituíndoos ó seu. Hai casos coma o de Melide en que a teimosía dos galegos por unha banda, e pola outra a terquedad españolista das instancias oficiás produciu unha pequena guerra de rectificacións e novos cartés incorrectos que xa dura anos.

A restauración dos nomes tradicionais dos topónimos non ofrece ningún tipo de problemas, xa que o pobo síguenos usando, a pesares do desexo dos organismos oficiás. No que poden plantexarse problemas e nos nomes das rúas e prazas, que en moitos dos casos están esquecidos, e noutros casos trátase de rúas novas que xa naceron mal bautizadas.

No primeiro dos casos, cómpre estudar vellos arquivos, recurrir ás persoas máis vellas. Outras veces pasan casos coma o de «Campo del Puente» de Villalba, donde á primeira vista parece que sexa «Campo da Ponte». O certo é que por alí non hai ningunha ponte, e todo parece indicar que seña «Campo do Poente» do Poñente, por onde se pón o sol. Cómpre, pois, andar con moito coidado, e aínda así, pódese trabucar calquera.

Nos casos dos barrios novos, nas rúas que se abriron de novo, entendo que hai que darlles os nomes de patriotas coma Castelao, Bóveda de artístas e escritores galegos, tanto de nome nacional coma local. Nomes tamén de cousas galegas, e de lugares, e sobre todo, rotulados en galego.

Este será un xeito de conseguir que a nosa terra seña un pouco máis nosa cada día, que nos identifiquemos coa posesión do noso territorio, da nosa historia, da nosa lingua, da nosa nación galega, en fin. Agora que se acercan as eleccións municipais, os nacionalistas galegos temos que pensar que, nos municipios onde consigamos introducirlas, debemos restaurar os nomes da terra.

O «LUSITANISMO»: ENFERMEDADE INFANTIL DO NACIONALISMO

DARIO XOHAN CABANA

Na prensa que se fai en Galicia veñen aparecendo con certa regularidade unha chea de artigos firmados por xentes moi diversas co denominador común de defenderen un achegamento privilexiado de Galicia a Portugal, sobor de todo ó nivel cultural. O gran patriarca desta ideoloxía cultural parece ser o profesor portugués Rodríguez Lapa, que xa hai varios anos publicara un artigo no que en liñas xerais decía que o portugués era o galego literario, sendo xa que logo o galego de Galicia a «lingua vulgar», o dialecto ou patois de labregos, obreiros e as outras clases populares da nosa nación (plebe, pra entendermonos). Esta definición, que tamén veu servindo ó imperialismo español pra marxinar a nosa cultura, levaba ó Profesor Rodríguez Lapa a rematar a súa elucubración cun chamamento ós escritores galegos a escribiren en portugués moderno, co cal se beneficiarían, ademais, dun público potencial de cento e pico de millóns de leutores.

No nivel político, esta teorización parecía ter detrás a vella e resesa idea da federación ibérica, que debería solucionar todas as custións nacionais pendentes no Estado español dun xeito case máxico, servindo Galicia coma ponte entre «España» e Portugal e colocándonos ós galegos nunha posición, ó ben visto, privilexiada. Esta idea, por certo, xa fora agarimada delectación de sectores do galeguismo histórico incapaces do plantexo radical da rotura do Estado unitario e da construción dos Estados nacionais.

O ilustre Profesor Rodríguez Lapa, gran estudioso da literatura medieval común, parecía ignorar o atranco que prás súas arelas supón o feito da conformación de Galicia coma nación e a separación real que se produciu entre Galicia e Portugal. Probablemente, se a Historia decorrera doutra maneira máis dacordo cos desexos do Profesor, esta diferenciación non se produciría, pero acontece que a Historia é irreversible e ademais camiña nunha moi

concreta dirección: a liberación dos pobos oprimidos. E o certo é que Galicia era unha nación xa no tempo dos Irmandiños, e dendes daquela pasaron cinco séculos que non teñen volta de folla non sendo cara adiante.

O sentido elitista desta postura político-cultural é moi evidente: «Nós, o grupello dos *bos e xenerosos*, imos reconstruír por enriba das condicións ouxetivas e tamén por riba dos pobos o estado ideal de Arcadia feliz da dourada idade dos trovadores (sin que a política condicione a nosa gloriosa e desinteresada tarefa), cando o pobo galego e máis o portugués eran unha soa cousa — e eso aínda había que velo, digo eu —, e xunto co noso irmán de alén mar, o Brasil, imos loitar *de igual a igual* coa abafante presenza no mundo occidental do idioma español e do inglés». A proposta é tan fermosa coma pra botarse a chorar.


A nivel lingüístico, a teoría tén levado a tan pintorescos experimentos coma o do «galego» que se usa en *Nova Galiza*, estrano castrapo galaico-portugués que pró humorismo é un achádego de tantas ou máis posibilidades que o castrapo galego-español.

En realidade, esta teima lusitanista xurde da incapacidade de comprender o feito nacional, negando na práctica ou ignorando o dereito á autodeterminación — e á independencia polo tanto — das nacións, e reducindo a custión a un problema estreitamente culturalista, dunha cultura concebida non con contidos liberadores, dinámicos e revolucionarios, senón coma un conxunto de formas e esquemas desprovistos de calquera contido actual, divertimento pra intelectuais. O triste do asunto — e pavelo tamén — é que mentras en Brasil e Portugal non se produzan revolucións triunfantes, as situacións editoriais brasileira e portuguesa non son tan siquera moi esperanzadoras prós escritores galegos que, escribindo en portugués («galego literario»),

puideran querer vivir da péndola á conta do famoso «público potencial». Realmente, no fondo da custión lusitanista pode haber moito daquelo que o noso Castelao — noso dos nacionalistas, non da Junta e lacaios — observou tan agudo dos homes pequenos que necesitan patrias grandes.

Ademais, as alternativas concretas dos lusitanistas chaman tamén a atención pola súa inxenuidade e voluntarismo. Precisamente nesta mesma sección de A NOSA TERRA, no número 17, saíu un traballo de D. Manuel Miragaia, que propón concretamente o seguinte: «normativización» — ¿ónde a normalización? — do galego baseándose no portugués, coma primeiro paso; que a Radio e TV portuguesas emitan con máis potencia pra que se poidan sintonizar en Galicia; e por derradeiras, unha asociación cultural galego-portuguesa pró intercambio de conferenciantes, etc. A proeza de medios — e, porén, escede as posibilidades reais, o que demostra hastra qué punto se pode ser idealista — é ben notoria.

Coido que xa é hora de deixármolos de infantilismos. Temos que asumir que Galicia é unha nación conformada polas súas clases populares, que está colonizada a todos os niveis — político, económico e cultural — polo Estado Imperialista Español, e que hai un pobo interesado na súa liberación tamén a todos os niveis. Portugal é outra nación, coa que temos ademais un pasado cultural común, e con todas as nacións do mundo temos que relacionarnos en pé de igualdade, pró cal cómprenos acelerar o proceso que vai levar á autodeterminación e á construción dunha Galicia Ceibe e Popular. Todo o demais pode ser galeguismo cultural no millor dos casos, «regionalismo» ou culturalismo a secas. O que non será, a bon seguro, é política cultural galega ó servizo do pobo nin moito menos nacionalismo galego.



CONTRA O LUSISMO

Ó LOR DUN ARTIGO DE RAMON LOPEZ SUEVOS

DARIO XOHAN CABANA

Un xa está curado de espantos, xa deixa impertérito chover as variegadas argumentacións —supermánicas, fatas ou chormigueiras— coas que algúns articulistas pretenden convencernos de teren atopado a pedra filosofal da pervivencia do noso idioma dentro da teoría chamada "reintegracionista" por eles, e por outros lusista. Un cre que haberá que deixar pasar as bado-cadas con que pretenden convencer ó público de que os que defendemos o arredismo lingüístico somos españoлисты. Un tén paciencia franciscana diante das choradas acientíficas e arrou-tos apriorísticos dos perpetuos teorizadores de grandes solu-cións que invaden as páxinas da prensa editada en Galicia, e desde logo non está disposto a baterse en duelo cada vez que un quidam teña a ben calificalo colectivamente de mal patriota. Hai xarampóns no noso país, onte foi a saudade pifeirista, hoxe é o lusismo de Lapa e compañía, mañá será outra teima calquera: a cuestión, esta-a vista, é que cando o demo non acha que facer, mata moscas co rabo.

Pero ás veces saen alegatos lusistas que, por vir de quen ven e dicir o que din, merecen unha resposta, aínda que non sirva de precedente. Por exemplo, o do ilustre economista Ramón López-Suevos, que non contento coa súa sona no eido dos estudos económicos, vén agora sentar cátedra na cuestión da lingua por meio dun artigo no número 171 de A NOSA TERRA.

A obra económica de López-Suevos inscribíase dentro do pensamento marxista. Mais non se pode dicir o mesmo desta desafortunada incursión no eido da lingüística, onde o ilustre profesor senta namais ca afirmacións e preconceitos moi propios dunha visión idealista do mundo. E penso que convén que o Sr. López-Suevos recorde unhas cantas cousiñas que sen dú-bida coñece, mais que debeu esquecer coa calor da polémica.

1.— As declaracións pretendidamente "lusistas" dos clásicos do galeguismo —singularmente da esquerda do vello PG— que Suevos non amanda á cara ós sustentadores do arredismo, cor-responden a un evidente condicionamento de clase. Estes per-seoires —Castelao, Villar Ponte...— son membros dunha peque-na burguesía ilustrada, reformista e progresista, que se sentían identificados coa república portuguesa, onde vian refrexados os seus ideais políticos de clase. Os contactos culturais —de persoa a persoa, escasamente institucionalizados anque así se pre-tenda hoxe— trasladaban á lingua aquela solidariedade política, pero ó nivel sobretodo de declaración, non a nivel real. E cu-rioso que os lusismos na escrita de Castelao señan tan escasos sendo como debía ser un bon leitor de Portugués. Lusismos, por outra banda, millor explicados polo diferencialismo, que era o que profesaban estes persoires na práctica.

2.— Di López-Suevos (L.S.) que o problema no franquismo era resistir a agresión lingüística, e que hoxe as cousas son "nalguns aspectos bem diferentes". Ben diferentes pergunto eu en qué. Acaso a autonomía e a demagógica cooficialidade cam-bean as cousas? Talvez o absurdo feito, dirixido a desprestixiar o Galego como superfluo, de publicacións oficiais bilingües, cambaia algunha cousa? Non é defendible a teoría de que o Ga-lego tén avanzado cualitativamente no seu status porque se re-valorizara un pouco dentro de capas sociais antes monolingües socialmente que agora ridículas bilingüizaban un tanto, non por-que Fernández Albor fale un penoso Galego no Parlaentoño. Algo cambeou, efectivamente, mais nen con moito tanto que nos leve a cantar prematuras e pírricas vitorias e falar de pasar a un estadio "superior" na loita. Se LS o dubida, propóñolle unha volta, supoñamos, polo Morrazo e verá como obreiros e mariñeiros españoлизan os seus fillos —incluso onde hai alcalde nacionalista—. Se LS e os demais lusistas entenden que xa o problema non é o de imbuír nas clases populares o lume da re-sistencia, se pretenden que os lean no Brasil sen dar prioridade ó Morrazo, ó Barbanza, á Terra Chá ou a Vigo, daquela é que o seu problema está en ter 150 millóns de lectores "potenciás". Se ese é o seu problema, escriban en Portugués e publiquen en Río ou Lisboa. Se escriben algo interesante, ó millor consi-gueno. O problema noso sigue sendo resistir.

3.— O principio do cuarto parágrafo do seu artigo fai LS unha afirmación que por primeira vez (e última) nos recorda que quen escribe é marxista "a vida é contradición". Mais a esperanza que podíamos ter de ser iluminados despois de tan rotunda afirmación esnaquízase no increíble intento de concre-tar a contradición nacionalismo/españolismo no terreo da lin-gua cunha asimilación nacionalismo—lusismo e españolismo—arredismo. O sufrir esta firmación ridícula, infantilmente ma-niquea, indemostrable e insultante, amosa ben ás claras o ta-lante franciscano dos que entendemos o Galego como lingua independente.

Recollendo o refrán, talvez fora millor facer ouvidos xordos. N. 176/ DO 12 AO 18 DE FEBREIRO/ 1982



Pero é que xa abonda de autoproclamados pontífices que dei-tan ó seu redor pauliñas e escomuñóns. Aquí non cómpren papas, nen polacos nen do Ferrol, que veñan coa súa infalibi-lidade espulsarnos da comunidade dos crentes. O señor López-Suevos nen siquera é orixinal, pois esta tese é teimosamente re-petida polos seus co-sectarios lingüísticos en canto abren a bo-ca —cousa dabondo frecuente. Da mesma maneira (se de facer afirmacións se trata) un "isolacionista" coma min pode dicir que os lusistas están pagos polo ouro da CIA pra rebentar des-de dentro o avance da normalización do Galego, ou pra intro-ducir un novo complexo que substitúa o auto-odio verbo do Español. Abóndelle a LS saber que el é nacionalista —se o é— e déixenos ós demais en paz, pois intentos coma o de asimilar "isolacionistas" con AP ("galegos coma nós") merecen un po-sto de honra no museo do ridículo.

4.— Decir que o isolacionismo (como LS nomea as posicións que parten da consideración do Galego como idioma) espresa o "conciliacionismo típico da pequena burguesía" e tén como raíz o "complexo do colonizado" recórdame a parábola bíbli-ca do lixo no ollo alieo con viga no propio. Qué maior exem-plo do complexo do colonizado ca ter que estearse no Portu-gués pra xustificar o Galego? Cómpre recordarlle a LS a frase de Castelao relativa ós homes pequenos que precisan patrias grandes?

Afirmar que os "isolacionistas" temos a "idea de que non podemos valer-nos por nós mesmos" bate todas as plus-marcas do cinismo. Non será ó revés? Non será que os lusistas teñen que estearse pra non se sentiren mareados no "irmán maior Portugués"? Estes amigos lusistas relembrañ aqueles cativos que cando na escola levaban unhas labazadas dicían "heillo contar a meu irmán, que é máis forte ca ti". Estes amigos lu-sistas parecen crer que no mundo non pode haber máis ca gran-des entes lingüísticos, e en canto escoitan falar do Español dos 300 millóns ("ja será algo menos") teñen que quitar a conto os seus hipotéticos 150 millóns, a súa "lusitanidade" pra opoñer á

"hispanidade". Terán que razar sempre no terreo do inimigo? Terán que pregarse decotío ós esquemas imperiais? Non son ca-paces de centrarse na conciencia do seu país? Han de refuxiar-se no claustro materno da sempiterna "área galaico-luso-africa-no-brasileira"? Teñen un auténtico complexo de colonizado e son incapaces de contemplarse no espello da súa orgoleza e ver-se colectivamente como somos: unha pequena nación que as-pira á independencia e a sobrevivir.

5.— Os amigos lusistas teñen tamén outras teimas. Unha de-las é a das "posibilidades insospeitadas" da ditosa área, que ó bon visto moito nos vai axudar coa súa simple existencia. Con-viña que lembraran como en Puerto Rico o grande idioma dos 300 millóns é oprimido e recúa perante do Inglés colonizador, sen que lle vailan os español-falantes de México nen da Arxen-tina, senón en calquer caso —se algo lle val— a resistencia do pobo portorriqueño. Os amigos lusistas esquecen que a lingua é "compañeira do imperio", ou seña, da forza, do poder. Esta vella e clara verdade, formulada por un que non era precisa-mente noso amigo, indícanos que só o poder político galego (a independencia de Galicia, pra falar sen metáforas) será capaz de garantir realmente a pervivencia da nosa lingua e da nosa cultura.

6.— A teima de que o lusismo "dignifica" o idioma é outro achádego verdadeiramente engaiolante. Eu non percibo como e por qué grafías estrañas ó Galego como *nh* ou *lh* —non his-tóricas, fagan o favor, que medra o nariz— son dignas, e indig-nas as outras. Non concibo por qué un determinado sistema de acentuación gráfica dignifica ou avilta unha lingua. Non abisco por qué a forma *amáveis* (que nunca existiu en Galego, acór-dense de Pinocho) é máis digna cá forma enxebre, popular e documentada historicamente de *amables*. A min, e perdóenme os amigos lusistas por tan poucas luces, paréceme dentro da miña ignorancia que serán dignas en Galego as formas galegas, e que as formas que non son galegas estánlle ben ó idioma do que proceden, pero en Galego son badoçadas.

Moitas cousas fican de dicir, evidentemente, mais eu, con permiso de López-Suevos e de todos os lusistas, xente amiga pero dabondo liosa, gustaría namais pra rematar de facer unhas cantas afirmacións a ver se hai sorte e quedan claras dunha vez, sen ánimo dunha polémica á que —xa sei— son moi afezoados. Velaí van:

a) Moitos que entendemos que o Galego é unha lingua inde-pendente (irmá do Portugués non o negamos) somos patriotas independentistas, e estamos —polo menos este que firma— moi cansos de que pretendan desprestixiar as nosas teses en canto á lingua alcumándonos "españolistas". Se non teñen argumentos lingüísticos contra as nosas teses, é problema seu, amáñense como poidan, pero non aldraxen a ningún.

b) En todo caso, é dúbidoso nacionalismo, ou cando menos de moi determinadas connotacións de clase, o que precisa apoiarse pra xustificar a súa existencia no irmán máis forte ou no papá boseador.

c) E moi ilustrativo reflexionar nas posibles concomitancias do atlantismo risquiano coa teima lusista. E tamén, noutro pla-no, na substitución da concepción do Galego subordinado ó Español pola do Galego subordinado ó Portugués.

d) E moi lamentable que pra defenderen unha teoría os lu-sistas pretendan que a realidade cadre con ela e onde non cadre desformen a realidade, inducindo ós lectores da súa moi abon-dosa musa a creeren que certas grafías ou morfoloxías foron ga-legas cando documentalmente se pode probar que nunca o fo-ron.

e) E penoso que algúns nacionalistas contribúan a desviar a atención dos verdadeiros problemas cando estamos tan necesi-tados de facerlles frente. E penoso que algúns nacionalistas es-teñan contribuíndo, en nome dunha teoría sen base real, a fo-mentar o complexo de inferioridade do pobo galego: se xa non somos españoís de segunda, señaños portugueses de segunda.

f) E curioso que algúns lingüístas, en troques de investigar a lingua galega, erixan o dicionario portugués en remedio de to-dos os males e en emparo de todos aldraxes. Será que investi-gar seriamente nunha lingua dá máis traballo ca erguer teorías?

g) E triste que o Sr. López-Suevos, que sen dúbida aínda tén moito que aportar pra unha visión marxista da economía gale-ga, se meta a lingüística, onde cultiva o máis aguillatado idealis-mo e o apriorismo máis acientífico.

A NOSA TERRA

ANO XIII • 4 DE OUTUBRO • 1990

Nº 447 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

TRES EN RAIA



FONTÁN/AUGUSTO X.

NOSTÁLXIA DO SAN FROILÁN

DARIO XOHÁN CABANA

Non hai nada coma as festas do San Froilán de Lugo para cavilar sobre o transcurso de tempos, e as súas mudanzas, polo menos para aqueles de Lugo ou de cerca que neste ano presente de mil novecentos noventa temos xa ben cruzado o ápice que marcaba o medio camiño da nosa vida. E se digo datas e circunstancias xeográficas da reflexión, digoas por algo, pois non é igual lairarse en abstracto do tempo perdido, como aconsella o tóxico literario, ca pensar nos tremendos cambios que a miña infancia e adolescencia contemplou ó seu redor sen decatarse. Preciso foi que eu chegara á mediana idade para darlle conta da grandísima mutación que se obrou en Galicia aló polos anos sesenta, unha mutación dos modos agrarios de vida que se pode ver en como eran e en como son as festas e feiras do San Froilán.

Eran estas de Lugo as festas e as feiras de toda a grande comarca luguesa. O ano que eu viñen por vez primeira había feira de gado, feira de ferramentas, feira de sementes e de produtos, e Lugo ulía aqueles días a labrador máis aínda do que ulía no resto do ano, que non era pouco. Eu recordo haber, onde agora está a estación de autobuses, tendas dos máis variados afeitos tradicionais, sachos, eixados, galeiras, rodas, machados, fouciñas, fouciños, gateiras, xulgos, estrobas, cádegas, albardas, bocados, bridas, selas, estribos, cojares. Haba feira de cochos, de vacas, de ovelas, de bestas, de canto animal se criaba. Vendíase gra de toxo, nabiña, eu que sei, tódalas cousas do agro e a min parécese que estaba igual desde había anos e séculos, e en substancia milenios. Calquera que chegase alí cos ollos de agora diría: eis a agricultura do labrador neolítico, eis con pequenos e lentísimos

cambios unha historia que se remonta sen rupturas deica os primeiros que cultivaron a terra cando aínda non se inventara a escritura; deica os primeiros ancestros que fixaron a súa residencia a un lugar determinado.

E foime dado a min ver como as cousas cambiaban. Mudaban diante dos meus fuciños, e aínda agora me decato. Porque en vinte anos cambiaron as cousas na Galiza rural máis ca nos vinte séculos anteriores. E as feiras e festas do San Froilán cambiaron tanto que case non as recoñezo. E digo case, porque algo si conservan a pesar de todo. Entre os desatados decibelios e brillos do desfilafarro enerxético aínda queda un algo daquelas feiras e festas que, o Cunheiro dixo ser as máis fermosas do outono galego. Aínda o campesiño luqués vén ritualmente á cidade nos primeiros de outubro, aínda domina coa súa presenza os camiños urbanos nestes días de festa que de feira xa non. Pero son os labradores de cincuenta anos ou máis os que se fan notar, non os novos, que xa son outra cousa. Son os vellos, que acoden á chamada dunha nostalgia imprecisa que aínda saben escuramente do remate do ano agrícola tradicional nun calendario que había antes, cando o curso das estacións era máis importante. Eles, os vellos, venen comer o pulpo, pero xa non mercar ferramentas nin vender produtos do campo. Aquí case case obrigado dicir outra vez que as superestruturas culturais sobreviven anos e anos ás estruturas económicas en que se basearan.

Unha forma de vida que se perdía na lonxanía do tempo é a que aínda obriga os vellos labregos a vir a Lugo polo San Froilán. Son daqueles que vivían concentrados en si, nunha agricultura case cerrada, nun autoconsumo casi total, cun mínimo excedente. Son daqueles labregos galegos que constituían a inmensa maioría

da poboación, nun tempo en que a produción de alimentos dun país esixía a maior parte da forza de traballo total. Eses labregos de antes aínda dominan Lugo polo San Froilán, sobre todo o día do San Froilán propio e o Domingo das Mozas, coma antes. Pero os seus fillos xa son ben outra cousa.

¡Canto cambiou a agricultura! Viñeron os tractores, viñeron os modos de produción de leite modernos, viñeron os ritmos de traballo independentes case do curso das estacións. Viñeron os automóviles, e como viñeron romperon as festas e as foliadas e apareceron as salas de festas, porque xa non había distancias. Deixou de haber mallas e fiadeiros e e cavas de montes e cousas así, e fixeron as concentracións escolares. Ou sexa, que xa non hai parroquia. E veu a televisión igualar as consciencias co modelo do american way of life. Os novos agricultores están integrados no tecido do capitalismo, e a poboación agraria de Galicia divídese agora en dúas clases: unha, a dos labregos de sempre, que non souberon ou non puideron nin intentar axeitarse ás novas esixencias, outra clase, xa de pequenos empresarios agrícolas, intenta desesperadamente adaptarse e tirar para adiante. Desesperada, heroicamente, máis tamén con canta estupidez en moitos casos. Pero isto sería materia para máis longo discurso do que pretendo.

As festas do San Froilán de Lugo, festas agrarias que foran dunha cidade coas portas abertas ó campo, son cada vez máis urbanas. O que queda do pasado aínda é moito, pero acabará por morrer segundo vaian morrendo estes que dixen antes, os vellos labregos que dominan a cidade nos días grandes da festa que xa non é feira. Que xa non é sendón a casca case baleira dun antano que un non sabe se debe chorar ou non.

TREMENDISMO

XOSÉ A. GACIÑO

Non andaba mal a tempada futbolística, recién comezada, co troco de papeis entre os "grandes": por unha vez, o Barça funciona en orde e harmonía, mentres é o Real Madrid o que afronta trifurcas internas (chegaría xa a democracia á "casa branca"?). Para animar máis a situación, Jesús Gil ven de poñer a nota tremendista e lanza a convocatória do seu referendo particular para que os sócios do Atlético de Madrid decidan se continúan ou non integrados na OTAN futbolística, no caso de que non se lle dean satisfaccións axeitadas polas arbitaxes inxustas que padecen. Toda unha situación pre-bélica, agora que todos andamos co ollo posto no Golfo.

Non é novo. Isto do tremendismo non o inventou nen siquiera Sadam Hussein, farto de que as manobras de certos países da OPEP cos prezos do crú afogaran a súa economía de guerra. En comparación, o de Gil non pasa de ser unha caricatura. Nen a súa imaxe de incontinencia verbal nen o ámbito ao que afecta dá para máis, pero serve de divertida referencia coa que o sistema —calquer sistema establecido e, por eso, irremisiblemente abocado ao anquilosamento— tende a deixar rodar os problemas, á espera de que as protestas se desgasten e se esquezan. O poder escandalízase despois, cando estoupan de calquerxeito as tensións que el mesmo xera. Por riba, o normal é que as respostas do poder non sexan máis intelixentes cas dos tremendistas —que, polo menos, teñen a atenuante da súa indignación desesperada— e resultado remata por ser un aumento progresivo da tensión e da confusión.

Mesmo para ser tremendistas é necesario ter man esquerda e xogar intelixentemente coas fendas do sistema, para que os xestos non se queden na mera desesperación inútil. No caso de Gil, impórtame moi pouco o resultado final, que, en calquer dos casos, vai ser, polo menos, entretido. O que realmente me preocupa é a sorte de tantos tremendistas desesperados, que non atopan os métodos axeitados para facer eficaces os seus xestos en cuestións moito máis vitais e trascendentes que unha liga de fútbol.

VOLVER AO REGO

A reunión dos representantes de Nacións Unidas ao redor dos problemas da infancia, á marxe de supoñer unha oportunidade para falar do Golfo, trae á luz un grave problema actual: a gravísima situación da infancia no Terceiro Mundo, propiciada por década e pico de liberalismo económico extremo, de desatención aos beneficios sociais e de desmantelamento das axudas estatais.

Na era da revolución tecnolóxica e do micro-chip o mundo retrotráese á dinámica dos anos sesenta. Voltará a poñerse, traxicamente, de moda a UNICEF e o peto para os nenos de África.

EMÍLIO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

DARÍO XOHÁN CABANA

Se algunha palabra houbera que inventar agora para aplicarlle a Emilio Álvarez Blázquez e dicirla súa condición, esa palabra sería **finura**. Pero como acabamos de inventala, non hai nela ningunha desas connotacións artificiosas que o mal uso lle deu á súa homógrafa máis coñecida, tan empregada para describir cualidades moito máis vulgares e triviais das que queremos resaltar en Emilio.

Aquel home era fino de seu natural, como pode serlo un carballo que medra dereito ou un xungo florido. El non podía ser doutra maneira, porque tiña un interior fermoso e cristalino que á forza había de transparecer na súa actitude, coma unha bolboreta aprisionada polo ámbra.

Era un gran poeta, e esto quizais o sabíamos moi poucos, porque estamos afeitos a admirar outros que se dan máis a valer. Emilio escribía para si e para uns poucos amigos, e non ansiaba para os seus versos a divulgación da imprenta. Parece un milagre que un poeta sexa capaz de escribir durante corenta anos e non publicar máis ca un verso aquí ou acolá. Emilio fixo. Publicou os **Poemas de ti e de min** en 1949, e só cerca da fin da súa vida nos deu ese breve e maravilloso volume que é **O tempo desancorado**; e eso —polo que me parece— premido por algúns achegados a quen agradezo que vencesen a súa conatural desidia pola publicación.

E con todo, non teño coñecido xamais un poeta que vivira máis en poeta. Era unha maneira súa de entender a vida. El, que de neno quixo se peón camiñeiro e terminou en funcionario consular, tiña un xeito único de amalas cousas pequenas e grandes que se ofrecen ás beiras do camiño da vida. E tampouco non coñecía nunca unha persoa máis capaz dunha calada amizade que ti sabías que te envolvía e te acariciaba. Eu go-

cei desa amizade hai moitos anos en Vigo, e seguí gozándoa a distancia na memoria, aínda que o final xa mesturada coas terribles noticias que del recibía. E cando saíu o seu derradeiro libro —o seu segundo libro e primeiro en certo modo, pois os **Poemas de ti e de min** foran a medias co seu irmán Xosé María—, eu quixen saudalo e escribille unha certa publicación no *Diario de Galicia*. Poucos días, poucos, faltaban xa para a súa morte, e aínda Emilio quixo darme outra proba da súa calidade tan xentil e cordial. Xesús Alonso Montero lleulle a carta no

hospital —el xa non podía—, e o mesmo día da morte recibín carta de don Xesús dicíndome e que Emilio chorara. O seu ancho e fermoso corazón comovérase unha vez máis co recordo daquel rapaz que fora seu amigo.

¿Quen coma Emilio podía dicirlas cousas sen dicilas, tanto nas palabras de cada día como no verso? Os seus poemas parécense o lume, e digo por qué. Un sentase ó carón dunha fogueira no lar un día de inverno e fica estantando mirando para as lapas. Pouca cousa son as lapas,

**'NON TENO
CONECIDO XAMAI
UN POETA QUE
VIVIRA MÁIS EN
POETA. ERA UNHA
MANEIRA SÚA DE
ENTENDE-LA VIDA'**

e coñécese perfectamente o seu por que e o seu como, non hai segredo ningún na súa formación. Sen embargo, un segue mirándoa e remirándoa e admirándose de encontrar dentro delas tanto mundo e tanto soño.

Tal son os versos de Emilio, compostos de palabras comúns veñen nos dicionarios coma todos os versos do mundo, e non obstante a través deles vemos cousas infandas, solpores doutro tempo, angustias e alegrías. Tal como o lume é máximo, son máximos estes versos sinxelos onde parece que non hai nada extraño e que de pronto, sen saber como, nos prenden de maravillas sen número. Por eso estes poucos poemas que a súa incuria nos permitiu coñecer e gustar comunalmente forman un dos máis fermosos tesouros das nosas letras, e creo que durante moito tempo haberá persoas que se gocen neles e se sorprendan un pouco de encontrar tan pouca mención do seu autor nas historias da literatura.

A vida de Emilio estivo certamente ben chea de angurias, anguras que o acompañaron teñamente deica a fin dos seus días. Pero el nunca permitiu que as desgracias lle encalécen o corazón e sempre conservou, paréceme a min, unha certa condición anéxica que me facía sospitar que non era enteira-mente deste mundo. Agora xace na súa derradeira morada. Deste lado quedan os seus versos, queda a memoria —fugaz tamén por lei de morte— daqueles que o coñecemos. Da outra banda el cria noutro mundo no que eu non creo, pero que ben desexaría que houbera para el á medida do que el puidese imaxinar. Ben sei que nese mundo Emilio tería a máis alta profesión de todas, que é a de peón camiñeiro, e que cando a calor apretase pousaría a roda ou o picachón co mango para arriba, poñería a pucha enriba del e deitárase a unha sombra cunha flor entre os dentes, escoitando o rechoucho dos paxaros e soñando versos en louvor deles. Nese mundo que digo non hai enfermidade nin morte, corren ríos de mel e viño e leite, e mazaitas de cristal ofrecen o seu froito en todo o tempo. □

PEPE CARREIRO

EN GALICIA, EN GALEGO E CON XERAIS

Novas CANLES para a nosa lingua

CANLES, a nova serie de "Edicións Xerais de Galicia para EXB, é un conxunto de libros que significan un sustancial avance na didáctica da lingua.

A serie CANLES, estruturada como un todo unitario, de 1.º a 8.º, foi elaborada e traballada por un verdadeiro equipo, á longo de tres anos, e tendo en conta os resultados dunha enquisa efectuada entre unha mostra de profesores de EXB, a quen podemos manifestar os acertos e as aínas que atopaban na serie anterior *O noso Galego*.

Esta serie pretende abrir novas CANLES para a expresión e a comunicación.

A destacar, como aspectos básicos da serie CANLES:

- * Primacia da metodoloxía inductiva. Gran número de actividades.
- * Importante atención ó traballo co léxico.
- * Especial atención á imaxe.
- * Tratamento non sexista.
- * Atractiva e rigorosa selección de lecturas.
- * Equilibrio entre todos os aspectos que configuran a área de lingua.

Abrimos novas CANLES
para a nosa lingua



edicións xerais de galicia



somos coñecidos
na Galiza inteira,
pola nosa
especialización
en libros
galegos
e portugueses

República
Praza do Libro El Salvador, 9
Tel. 26 63 77 Tel. 56 58 12
A CORUNA SANTIAGO

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

SUBSCRÉBASE

CHAME AO TFNO.
43 36 24
E RECÉBAA NA SUA CASA

Os cartos da ecotaxa atraen ás empresas asesoras A contaminación como negocio

♦ G. LUCA

As eco-auditorias son un grande negocio que atrae ás empresas asesoras ao país con máis grave problema de depuración do Estado. A ecotaxa da Xunta promove un alto interese entre os gabinetes de avaliación da contaminación que se beneficiarán a un tempo dos fondos das empresas, da Xunta e da UE. As intervencións de responsábeis de políticas de medio ambiente e de técnicos de contaminación nas IX Xornadas de Empresa, Meio Ambiente e Hábitat, organizadas polo Centro de Convivencias Olbeira, de Vilanova de Arousa, salientaron este novo interese económico.

Xosé Carlos Torrado, directivo de Unión-Fenosa, e Felipe Macías, asesor de medio ambiente da Xunta consideran que os impostos por contaminación deberían ter conta dos sistemas correctores da propia natureza e non gravar a cantidade de contaminación producida senón a concentración. Esta coincidencia do representante da empresa eléctrica co mentor de ecología do Goberno autónomo, deuse durante unha mesa redonda sobre Empresa e Meio Ambiente, que moderou o profesor co-ruñés Xabier Sanz. Torrado defendeu unha aplicación gradual dos correctivos fiscais e dos incentivos para dar coutado os efectos contaminantes da produción de enerxía, que, en todo caso, debería manter o seu crecemento constante para atender a demanda do terceiro mundo. O representante de Unión-Fenosa avivou noutro momento da súa intervención as pantasma de Castelo do Miño e as Encrobas. "Os de Caldas dinque é por interese dunha empresa cando o que está en xogo é o interese xeral".

Felipe Macías, promotor de SOGAMA e asesor da Xunta, refe-



Felipe Macías, asesor ecolóxico da Xunta, e Xosé Carlos Torrado, directivo de Unión Fenosa, coincidiron nos seus criterios. Á dereita o moderador Xabier Sanz.

riuse criticamente ás repostas simplistas que ao seu ver se estaban dando aos problemas de contaminación. "Contaminamos, si; pero en mal sitio. A natureza ten sistemas de amortecemento e recuperación heteroxéneos, dinámicos e cambiantes". Para o tamén asesor de ENDESA, UNION-FENOSA e UNESA, compre atender á concentración antes que a cantidade e aplicar os criterios segundo a sensibilidade do medio que recibe a contaminación.

A unha pregunta sobre as fontes principais de contaminación do país, o técnico contratado polo conselleiro Cuiña enumerou a concentración da poboación en fondos de esteiro, como Pontevedra, Vigo e A Coruña; a contaminación difusa por nitróxenos na Terra Chá e a inculutura e baixo respecto ambiental da poboación. Da choiva aceda de ENDESA dixo que os solos galegos podían recuperarse por seren ricos en aluminio.

Pechar as nucleares

Para Carlos Bravo, representante de Greenpeace, a aplicación de criterios de eficiencia ás centrais de Meirama e As Pontes obrigaría a pechalas de contado. Aínda que certas campañas satanizan as enerxías renovábeis, a opinión pública do Estado quere pechar as nucleares nun 70 por cento. Esta opinión procede dun inquérito do CIS que o Goberno do PSOE non quixo facer público. O vindeiro desglose das facturas da electricidade especificarán que un 3,54% vai para a moratoria nuclear e un 2% para os residuos radiactivos.

Sendo Galiza unha absoluta excepción negativa dentro do Estado na depuración de augas residuais, a Ecotaxa será a un tempo unha vía de financiamento dos sistemas públicos de control da contaminación e un grande negocio para as eco-auditorias. "Con este

enfoque ponse en marcha un sistema de xestión de demanda, cando o que de verdade interesa é prevenir desde a produción de contaminación -sinalou Carlos Bravo-. O peor exemplo é o de SOGAMA, un sistema de final de tubería que fometan a má educación dos consumidores. Estas solucións tómanse por intereses criados".

A Xunta ten un orzamento de 4.000 millóns en concepto de Ecotaxa e está a promover 28 planos de medio ambiente. Para o alto investimento preciso, os fondos da Xunta deberán completarse cos de coesión da UE que administra o Goberno central.

O Centro de Convivencias Olbeira depende da secta católica Opus Dei. As IX Xornadas de Empresa, Meio Ambiente e Hábitat estaban subvencionadas pola Consellería de Política Territorial da Xunta. ♦

Ferro Couselo

DARIO XOHAN CABANA

Convén louvar a quen decidiu adicarlle a D. Xesús Ferro Couselo o Día das Letras Galegas; e convén louvar tamén as edicións de parte da súa obra que se están a facer e se farán. Mais eu non ficarei satisfeito mentres non se recite un libro que moito me ten acompañado: *A vida e a fala dos devanceiros*, publicado en Galaxia no 1967 e hai xa moito esgotado. Eu só teño un volume.

Ferro Couselo non o escribiu, só o transcribiu: a magnífica obra consiste nunha recolleita de documentos en lingua galega que van do século XIII ó XVI. É unha maravilla. Moito galego se aprende relendo e relendo nel, e gramática histórica por un tubo. Deba ser obrigatorio, xa non digo nas carreiras de letras da Universidade, senón mesmo nos institutos.

E logo que é divertidísimo, conmovedor, terrible. Por exemplo, aprendemos como o fillo de Catalina Touciña de Nifodagua "lle corta o carallo con un coyote podadoyro" ó mulo de Afonso Lopes. E trabamos coñecemento co bon burgués Loys Gonçalves das Tendas, e con Diego Afonso carpenteiro que andaba refecendo a ponte, e con Tareja Nunes, e con Abraán d'Allaris, e con María Patiña e outras moitas persoas que hai cincocentos anos pululaban polas terras de Ourense, e vivían e sufrían e morrían. Ou eran matadas. Asistimos ás animaladas do bispo "Ano Domini M^o CCCCLV, sete días do mes de xullo, foron apedreadas e deyradas pedras de cima da dita igrexa et dos ditos praços e curral do bispo", e escarallaron as casas do mestre Fernando e doutros trinta e nove veciños de Ourense: así ficou escrito. E rouban os bispos e outros señores ladróns, e matan e feren e violan eles e os seus esbirros, e son as angurias do concello, e a formación da Irmandade, e o derrocamento de Castelo Ramiro...

¡Aprende historia ambutel! E cóntana tan viva e tan fluida os notarios públicos de Ourense de hai cincocentos anos que quen nos dera a nós, novelistas de agora, saber escribir así de ben.

Quen queira osmar, sentir, saber de cór como eran aqueles nosos devanceiros, non se quede en Duby e os seus secueiros. Eses falados historiadores das mentalidades brillan talvez, pero saben a extracto, todo o reducen a reduccionismo, e acaban enganándonos. A vida non admite esquemas, e está moito mellor naquelas páxinas que D. Xesús Ferro Couselo publicou hai trinta anos e que agora convén reeditar. Era un bon home Don Xesús, e un galego de prol. ¡Deus o teña na gloria! ♦

VOLVER AO REGO

Cando Franco se dedicaba a escoitar a zarzuela *La Verbena de la Paloma* na súa residencia de El Pardo, e mesmo ás veces se atrevía a imitar polos corredores a voz de Don Hilarión, ningún en España decía que isto era unha ditadura. Moitos non se atrevían, pero moitos outros nen sequer o pensaban. A unanimidade era tanta e tan obrigada polas circunstancias que as forzas vivas, os entendidos e até os conserxes crían que aquel invento ao que chamaban *democracia orgánica* duraría mil anos. Conclusión: non todo o politicamente correcto coincide sempre co politicamente intelixente. ♦

OFERTA EN VÓS (IDA E VOLTA)

Buenos Aires ...	119.000 ptas.	Chile	115.000 ptas.	Amsterdam	57.000 ptas.
São Paulo/Rio ..	105.000 ptas	Paris	29.000 ptas.	Bogotá	109.900 ptas.
S. José	114.000 ptas.	Lima	114.000 ptas.	Asunción	122.000 ptas.
Toronto	65.000 ptas.	Quito	121.700 ptas.	Johannesburgo ..	126.700 ptas.
New York	76.000 ptas.	Cartagena	97.500 ptas.	Nassau	104.000 ptas.
Londres	37.000 ptas.	Milano	56.000 ptas.	Nairobi	117.500 ptas.

Servicio personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo

MINHO EXPRESSO

VIAGENS

SAÍDA DO OPORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798 - VALENÇA DO MINHO

Semana dedicada ao Autor de "Sempre Xonxa"

Portugal descobre o cinema de Chano Piñeiro

♦ G. NUNO DE FARIA/PORTO

Integrada nas comemorações dos "100 anos do cinema através do cartaz" -cartazes de filmes para a história do cinema- alunos e profesores do Curso de Tecnología e da Comunicación Audiovisual do Instituto Politécnico do Porto decidiram, en colaboración com os Serviços de Documentação e Publicações do mesmo Corpo de Escola, promover uma *Mostra dos filmes de Chano Piñeiro*, que decorreu nas instalações daquele Instituto entre 17 e 21 do corrente mês de Junho.

De acordo com elementos retirados do "Dossier" que foi distribuído, pretendese con esta Mostra "dar a conhecer a obra do mais importante realizador do cinema feito na Galiza, nestes últimos anos."

(...) "Vêr os filmes do cineasta de Vigo -e bem curta é a sua filmografia que a morte interrompeu quando havia a esperar o melhor do seu talento e da sua perseverança- é efectuar uma viagem de reconhecimento ao coração da Galiza, á terra, ao Povo, aos costumes, á Cultura e mentalidade, ao tradicional e moderno; viagem guiada pela mão de um homem que plasmou em imagens inesquecíveis e do mais autêntico sentido humano."

"Esperamos que com esta iniciativa os jovens fiquem a conhecer melhor a Galiza, em relação a nós portugueses, tão perto na geografia e no sentimento."

Este um extrato do texto de apresentação, inserido no "Dossier" *Chano Piñeiro*, que inclui textos de Victor Freixanes, Miguel Anxo Fernández e do próprio autor de "Mamasunción", este retirado do nº 18 da Revista de Cinema, órgão da Federação Portuguesa de Cineclubes.

"Portugal-Galicia: o inevitável achegamento" -é o tema de-

sempre polo cineasta viguês, tecendo imagens- num recorte de sensibilidade transbordante relativamente ás afinidades telúricas decepadas pelos atropelos História:


"Se é que nos tocamos, que os nosos sentimentos teñen a mesma raíz, que a nosa fala ten os mesmos acentos, que a nosa História provén de eternos amores separados...? Porque estamos tan lonxe?"

Palavras de Chano Piñeiro, tão amigo e tão inteirado de Portugal que chegou a projectar fazer uma película de uma história galego-portuguesa "Seria como traballar en Galicia, seria uma película galega a portuguesa por eso mesmo, unha película portuguesa."

Experiencia que o malogrado cineasta não chegou a concretizar pelos motivos que se conhecem.

A homenagem a Chano Piñeiro constou da projecção de todos os seus filmes de um colóquio, seguido de debate, em que participaram a viúva, Mariluz Montes, e de Anxel Viñas, colaborador e amigo de sempre de Chano Piñeiro.

Toda esta iniciativa contou, desde a concepção á realização, com o trabalho e conhecimentos do José Coutinho



Chano Piñeiro.

X.S. LOBATO

Castro, professor do Instituto Politécnico do Porto, que foi, também, amigo do autor do "Caminho das Estrelas".

"Fomos amigos -sinala Coutinho- e foi com ele que tive a possibilidade de conhecer melhor e mais amar Galiza, as suas gentes e a sua Cultura. Também considero os seus filmes muito ricos do ponto de vista cultural e das relações entre a Galiza e o nosso país, concretamente a Região Norte: vêr os seus filmes é conhecer a realidade social e humana daquela Galiza que ele nos mostra e que podemos traspasa-la, per-

feitamente".

Segundo conta José Coutinho, "os jovens portugueses ficaram, quer nos debates pós exibição, quer nos colóquios, absolutamente maravilhados com o cinema de Chano Piñeiro. E já me falaram para lhes proporcionar a possibilidade de reverem as imagens que os impressionaram verdadeiramente. Foi, portanto, uma autêntica descoberta para toda esta juventude, que tomou conhecimento com um grande realizador de um tipo de cinema de profunda ressonância humana".

Segundo este professor de "História e Estética do Cinema" estarão abertos caminhos para outras iniciativas que, nesta Área, envolvam as afinidades Galiza Norte de Portugal.

"O Curso -sinala- de Tecnología do Audiovisual mais as suas disciplinas de cinema -História do Cinema, Estética do Cinema e Análise de filmes- continuará atento, e sobretudo ao cinema galego, a tudo o que ocorrer na Galiza, que é, e como todos sabemos e mais sentimos, tanto a continuação de nós próprios e da nossa Cultura, como nós somos e estamos na mesma dimensão em relação a eles."

Carballos

DARIO XOHAN CABANA

Hai uns días fun a unha serra, e estaban serrando carballos. Habia por aí sesenta metros cúbicos, entre toradas boas e cativas. Todas recém cortadas: as follas aínda non tiveran tempo de esmagorecer.

As veces un sospeita se non seremos unha nación de bestas bravas, por non dicir de burros mansos. Aqueles carballos foron apedrados. É sabido que as árbores, e máis aínda as de folla caduca, deben cortarse polo inverno, cando están dormentes. Algúns din que na lúa de febreiro; eu a tanto non chego, pero desde logo pinchar carballos en xuño é unha solemne animalada. A madeira fenderá e embiancarase toda, e non valerá pra nada bo. Pero estorbaban, e pincháronos.

A cousa forestal vai sen xeito en Galicia, e a política oficial segue primando os eucaliptos e os piñeiros pra relar. Mais a culpa non é toda do goberno, ou dos gobernos. É tamén de nosoutros. E non só por pinchar fóra de sazón.

Poñamos por caso: un home ten uns carballos que plantou seu avó, e fanlle falla uns cartos; entón vai e vende trinta ou corenta pés. O mellor córtalos na lúa de febreiro, e neso non hai nada que dicir. Pero resulta que os que vende son os mellores da carballeira, os máis dereitos e cumpridos, e no seu canto non planta. Se acaso, deixa que incen as landras que caen da cascallada que non lle valeu pra vender. ¿E que sucede entón? Pois que en vez de mellorar a selección, inzan os pés ruíns, os tortos, os enfermos, os que gallan e enraman desde abaixo e nunca dan medrado.

Os carballos de Inglaterra son exactamente da mesma especie cós galegos; pero aló seleccionan, e así se ven -disque, que eu nunca fun aló- carballeiras perfectas con árbores de grande porte e longas toradas rectas. Nosoutros, todo o máis, deixamos medrar catro caxigos que nin dan xurdido de entre os toxos.

Sé cadra son un símbolo de nós. ♦

OFERTA EN VÓS (IDA E VOLTA)

Buenos Aires ... 119.000 ptas.	Chile 115.000 ptas.	Amsterdam 57.000 ptas.
São Paulo/Rio .. 105.000 ptas	Paris 29.000 ptas.	Bogota 109.900 ptas.
S. José 114.000 ptas.	Lima 114.000 ptas.	Asunción 122.000 ptas.
Toronto 65.000 ptas.	Quito 121.700 ptas.	Johannesbugo .. 126.700 ptas.
New York 76.000 ptas.	Cartagena 97.500 ptas.	Nassau 104.000 ptas.
Londres 37.000 ptas.	Milano 56.000 ptas.	Nairobi 117.500 ptas.

Servicio personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo

MINHO EXPRESSO

VIAGENS

SAIDA DO OPORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798 - VALENÇA DO MINHO

VOLVER AO REGO

Dinque os altos fornos e as metalúrgicas son indústrias avellentadas. Os países máis avanzados adicanse ao *entertainment*, o lecer. Antes a xente non tiña necesidade de comprar nada para pasar o tempo. Contábanse contos, cantábanse cancións e os nenos construían os seus propios xoguetes. Hoxe alúganse vídeos, mércanse discos e *game-boy* (xogo de rapaces).

Pero aínda quedan espazos públicos de lecer: o xogo da baralla, a praia, o paseo. Son como pequenas illas de socialismo. Nada extraño que queiran privatizar a costa. ♦



O Grupo Mascato edita un libro sobre os galeóns para sufragar a reconstrucción do Jandro Un barco de carga que campaba coma un balandro

♦ G. LUCA

Non había barco coma o galeón. Calaba tan pouco que metía as súas cincuenta toneladas a vela polos esteiros, sobre dúas mans travesas de auga. Tres homes podían coa manobra desta máquina de transporte de carga, que moitos confundían cun balandro presumido cando apuraba o vento para atracar.

A partir dos cincuenta empezaron a desaparecer. Aínda se adiñían convertidos en batea marisqueira, en draga ou en cábría flotante para as cordas de mellón. O Grupo Etnográfico Mascato conta nun libro a historia do galeón, tan próxima e tan esvaída. O que produza a venda deste libro irá para reconstruír o Jandro, o derradeiro galeón que levou tella a vela á Illa de Arousa.

O Jandro está varado no estaleiro de Fillos de J. Garrido de Ogrobe coas cadernas ao sol e serán precisos arredor duns tres millóns para que boline outra volta polas rías. O Grupo Mascato contou polo de agora con axudas da Consellería de Pesca, de particulares e de quince pequenas empresas.

O libro *Galeóns de Arousa* contén a máis completa colección de fotografías históricas que se teña imprentado sobre o galeón e está á venda na Librería Michelen de Pontevedra, na Ramón Cabanillas de Cambados e na Librería Limiar de Vilagarcía. O texto é de Dionísio Pereira e a capa de Pepe Gondar.

Para reconstruír o que debeu ser o cadro do galeón nas rías, o Grupo Mascato falou con Leonor Galiñanes, mariñeiro de Cambados de 93 anos, con Francisco Crespo, traballador da fábrica de ladrillos na Arnosa, que fora tripulante dun galeón e ten agora 59 anos; con Francisco de pepe, patrón e armador do galeón Porto da Barrosa, da Arnosa-Vilalonga, de 84 anos; con Xosé Soutullo Torres, Xosé



Galeón cargando madeira na Póvoa a comezos do século XX.

de Perico, que fora carpinteiro de ribeira da Revolta e construtor de galeóns, hoxe con 70; con Servando Devesa, grovense de 62 anos, dunha familia propietaria de varios barcos de cabotaxe, entre eles un galeón e con Ramón García, de 25, de Ponteceres, dunha familia armadora de tres galeóns, entre outros.

O galeón era un barco manguído, de carena case chá aínda que tan comprida que os pantosques comportábanse a cada banda coma unha orza que aguantaba o abatemento. Os galeóns de Domaio tiñan popa de espello pero os de Arousa levában a redonda. A construción era de carballo e piñeiro do país, con forro de canto, coberta con regala e boca de carga rectangular no centro.

Navegar contra o vento

No proxecto do Jandro está armado de balandro, como adoptaron vestir os galeóns desde comezos de século: un aparello de Bermuda a popa, envergado en pico, foque e trinqueta. Pese a ter un casco tan

comprido, a superficie do aparello da maior (case cen metros) facía do galeón un barco ardente, que gabeaba moi ben no vento. *Galeóns de Arousa* inclúe unha cita do Conde Santibáñez del Río, no xornal *Galicia* do ano 23: "airosos e fortes galeóns que semellan navegar mesmo contra o vento".

Engadados polas excelencias mariñeiras do galeón, namorados da vela coma o empresario Marcial Campos liberaron estes barcos do tránsito da tella, o barro ou a madeira para adicalos á vela pura. Sobre a cuberta dun galeón iniciouse á vela Pedro Campos, varias veces campeón do mundo en cruceiros de meia tonelada e o deportista que máis veces gañou a *Vuelta a España*.

O Jandro servía ao comercio do barro e da cerámica desde a enseada da Umia até Ogrobe. Nos anos cincuenta prohibiran un dos usos máis extendidos do galeón

o libro *Galeóns de Arousa* contén a máis completa colección de fotografías históricas que se teña imprentado sobre o galeón

que era a compra de peix a flote. "Acabaron con ela -di Arturo Román- as presións da Seguridade Social e dos concellos, os administradores das lonxas que deixaban de percibir o canon da venda e os progresos do transporte por estrada".

Na década dos 60, a competencia do camión foi atracando os galeóns. Os de Domaio

maio aínda cargaban area de Barra e Cies para a construción de Vigo no ano 63 e desde San Adrián de Cobres pasaban o gado en galeóns á outra banda da ría para a feira de Redondela, con desembarco na Portela. ♦

O "Arosa"

DARIO XOHAN CABANA

Desde logo, os responsables do bautizo do cochiño (co "o" primeiro aberto, non pechado) moi agudos non foron. *Arosa* é un nome feo, e *Arousa* quedaríalle mellor. Os ditongos decrecentes son moi eufónicos.

Agora que invocar as leis de normalización lingüística para forzar a SEAT ó galeguismo paréceme algo así coma unha conachada. En resume de contas, *Arosa* é un nome comercial dunha empresa privada, non un sinal de estrada. E logo facer unha campaña en contra dese apelativo é coma poñerse a matar moscas cunha ametralladora. ¿Non temos outra cousa en que gastar o tempo?

Eu, para matar o tempo, propoñeríalles un topónimo máis enxebre aínda; por exemplo, *Bueymuerto*, que cadraría moi ben nun auto de vocación galega, aínda que hoxe sexa máis doado matar vacas ca bois polas nosas estradas. E se for dirixido a unha parroquia xuvenil, podían poñerlle *Niñodagua*, ou digo *Niño de la Guía*: guiar un coche así chamado podía ser unha gozada. Mais se quixeran que tivese un certo aquel internacional, *La Corogne* daríalle un prestixio, e Don Francisco Vázquez mercaría ipso facto varias ducias para Garda Municipal, aínda que el sen dúbida querría mellor que lle puxesen *The Comana*, que é como cre que se di en inglés.

Amigos, sexamos serios: as leis de normalización lingüística deben ser invocadas contra os castellanizadores sub-repticios da TVG; contra os inimigos do galego da Dirección Xeral de Política Lingüística; contra a Consellería de Educación e contra a Xunta de Galicia en bloque; contra os máis dos concellos de Galicia, contra as catro Deputacións e contra o Estado Español; e mesmo contra as casas editoras que fan os mapas mal e enganan o público sobre os topónimos auténticos. Pero invocala contra o nome dun coche, Xesús María!

Non penso invocar as leis de normalización lingüística. Se tivese interese neste asunto, invocaríaa o sentido común. Pero non o teño; é máis, desexo que a SEAT persevere na súa decisión. En canto ó seu cochiño *Arosa*, non llelo penso mercar. Por min, que o metan no cu. ♦

OFERTA EN VÓS

— IDA E VOLTA —

Buenos Aires	119.000 ptas.
São Paulo/Rio	106.000 ptas.
S. José	128.000 ptas.
Toronto	89.600 ptas.
New York	98.000 ptas.
London	45.500 ptas.
Santiago de Chile	127.000 ptas.
Paris	33.900 ptas.
Lima	122.500 ptas.

Quito	128.000 ptas.
Milano	63.000 ptas.
Amsterdam	63.000 ptas.
Bogotá	118.000 ptas.
Asunción	135.000 ptas.
Trieste	78.000 ptas.
Florença	78.000 ptas.
Roma	78.000 ptas.

— SÓ IDA —

Buenos Aires	82.000 ptas.
São Paulo / Rio	69.000 ptas.
Amsterdam	41.000 ptas.
Paris	17.900 ptas.
Geneva	39.500 ptas.
Frankfurt	39.500 ptas.
Bruxelas	48.000 ptas.
Dusseldorf	35.000 ptas.
Hamburg	36.700 ptas.

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo

ALGARVE
apartamentos 4 persoas en Agosto desde 16.000 ptas. noite
LISBOA
fin de semana, cuarto duplo, con almorzo buffet en hotel ****
8.900 ptas. 2 persoas/noite.

MINHO EXPRESSO

VIAGENS

SAÍDA DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798 - VALENÇA DO MINHO

VOLVER AO REGO

En Estados Unidos hai residencias de verán para os donos marchan de vacacións, os "animais" quedan en mans de especialistas, a carón dun lago. Dispoñen de televisión e doutras comodidades. En Inglaterra, durante a guerra e a causa da escasez, facíanse con restos de tela. Os ollos eran botóns, nen sequera iguais. Hoxe consérvanse en museos do xoguete moi apreciados. A unidade familiar de consumo proxecta o seu afecto sobre estes fetiche que non comen, nen fan as súas necesidades e, á volta das vacacións, agárdante en casa cun riso beatífico. ♦

Agustín Fernández Paz gañou o *Merlin* de narrativa infantil con *As flores radioactivas*

Dario Xohán Cabana gañador do Xerais

Dario Xohán Cabana con "Galván en Saor" e Agustín Fernández Paz con "As flores radioactivas" foron os gañadores dos premios Xerais de Novela e "Merlin" de narrativa

infantil, fallados no transcurso dunha cea o pasado día do San Martiño en Compostela. O acto, que tamén serviu para conmemorar os dez anos de actividade da editorial —que foron

recorridos por Victor Freixanes no seu discurso de apertura—, estivo marcado pola emoción das palabras —ausente por enfermidade Fernández Paz— de Dario Xohán Cabana. Dario

adidou o premio aos seus pais "por ensinarme a lingua coa que me expreso e escribo. Porque a nosa pátria é a lingua". Publicamos aquí o primeiro capítulo ("A

taberna da Inés") da obra premiada, unha historia con idas e vidas no presente e na fantasía, e que Dario declarou inspirada nun conto do "Amor de Artur" de Méndez Ferrín.

Galván en Saor

DARIO XOHÁN CABANA

A taberna da Inés estaba escura e sen xente na parte que para taberna fora prevista, pero oase un ruxure de conversa e viase luz polo cristal esmerillado da porta da coziña adxacente. Anoitecía fóra, e ventaba e chovía frío. O viaxeiro entrou pisando suavemente, coma quen é estranxeiro no lugar e quere mostra-la súa cortésia. Un regueiro de auga escoaba do grande paraugas que colocou nun a modo de testeo que había no canto de máis axetado paraqueiro. Achegouse ó mostrador desprovisto de camareiro, e agardou un pouco, apoiando unha cadeira e o cóbado nel. Fixo algún discreto ruido cos dedos no tableiro, pero tan baixo e tímido que non foi escollado desde a estancia na que el ben oía rumor, e non moi baixo, de voces. Terminou volviendo ó carón da porta de fóra, pero a choiva recruara, e pareceulle quizais que nunha noite de inverno un viaxeiro que encontra onde pousar debe insistir e non seguir buscando.

Decidiuse por fin a chamar á porta da coziña, e petou nela tres veces cos cotenos, cada vez cun pouquiño máis de forza. A Inés abriu a porta sen erguerse do banco. Non van debuxouse a alta e robusta silueta do recén vido, e viuse que era un cabaleiro cincuentón, moi honestamente vestido cun verde gabán que, entreaberto, deixaba ver un traxe gris de chaqueta cruzada, e camisa branca con garabata de lunares medio cuberta por unha mifa de la. Na man esquerda portaba sombreiro de feltro gris con ancha fita, e remetida nesta unha colorida pluma de perdiz.

—Levantouse Inés ó ver home descoñecido, e coa súa galana xentileza convidouno a pasar.

—Sente detrás da coziña, meu señor, que ha de traer moito frío. Vaille unha noite de cans. Póñase cabo do tiro. Masito deixa pasa-lo señor.

Masito xa erguera en toda a súa e curta estatura, e saudara estendendo o bigote cun sorriso.

O viaxeiro quitou o gabán e mirou onde pendurarlo, mais xa Inés llo collía na man e o poñía no respaldo dunha cadeira que abeirou canto puido ó forno da coziña para que fose enxugando.

—¿E ha de querer tomar algo, señor?

—Se non lles fose molestia, un tange dese viño do que están bebendo faríame ben, cunhas culleradas de azucre podendo ser.

Púxolle Masito tange e azucreiro e servíulle da xarra. O viaxeiro botou andia ben azucre, remexeu a modino e colocou o tange enriba da plancha da coziña, mostrando gustar do viño morno.

A conversa seguía, pero en voz máis baixa, entre Inés, Masito e os parroquianos. O estranxeiro escoitaba e bebía a pequenos grols. Houbo un silencio. Inés preguntou:

—¿E non quere comer algo, meu señor?

—Iso mesmo ía ousar pedirille, miña señora. Se tivera un anaco de pan e carne faríame moito ben, pois desde onte á noite non comín cousa ningunha, e paréceme que a fame non me deixará agardar moi a gusto ata a hora que por aquí teñen de costume para cear.

Inés puxo na mesa un bolo de pan en-



Dario Xohán Cabana

cetado xa, medio xamón, un prato de chourizos, queixo fresco e queixo curado. Colocou un prato diante do viaxeiro, e nel coitelo, garfo e servilleta, todo moi ben disposto. O pan era da casa, macizo de cada mouro. O viaxeiro, deixando o coitelo e o garfo de Inés cun sorriso coma de desculpa, tirou de navalla parecida ás de Taramundi pero non igual, tallou un pequeno codelo sobre o que puxo medio chourizo, e púxose a comer a pequenos bocados que cortaba con moita mesura. A conversa seguía, oída polo foristeiro, que de cando en cando correspondía ós sorrisos de Inés e de Masito co seu e cunha leve inclinación de cabeza.

Acabado o codelo e o chourizo, tallou outra miguichiña de pan, púxolle enriba unha delgada laña de xamón e seguiu moulando engordiño, botando de cada pouco un trago de viño tan curto que máis ca beber parecía que bicaba o tange. Cortou logo queixo duro, e por fin queixo do brando, sempre en pequenas cantidades, e pareceu dar por rematada a merenda, pois aseou moi coidadosos os beizos coa servilleta, pregouna e púxo a diante de si, limpou a folla da navalla pasándoa polo papo do polgar esquerdo, dobrouna e gardouna no peto de diante do pantalón.

—Ai señor —dixolle Inés—, e aínda parece mentira que un home tan grande coma vostede coma tan pouco. Coma unha miguichiña máis, señor, que me deixa en vergonza.

—Por nada do mundo quixera eu facer tal —repuxo o viaxeiro—, e xúrollle polo que máis quero que tan bo pan e tan bo compango había moito que eu non os probara. Mais anque a caixa do meu peito é bastante grande, sonlle home de pouca comida, pois o máis da miña forza vénlleme do sol. E aínda agora comín máis do que adoitó, por causa do ceo en-

toldado que houbo todo o día.

—Sonlle cousas esas —terciu Masito— que teñen moito misterio. Teño coñecido homes ben pequenos e de pouco anchor que comen, mellorando o presente, o mesmo ca bestas, e teñen toda a vida cara de fame. E outros coma vostede, grandes e escutridos, parece que se manteñen con nada. O metabolismo é unha cousa maravillosa.

—Neso ten razón Maximiliano —dixo Manuel de Braes—, por que non houbo nestes contornos home que comese máis có Forxán vello, e todos nós que o coñecemos non sabíamos onde o metía, pois nunca chegou ós sesenta quilos. E forza tampouco non tiña moita, nin valía cousa para o traballo. Moita fama vos ten pasado. Acórdome que aló polo corenta, que había máis gana da que se podía matar, o pobre do Forxán andaba desesperado. Cando chegaron os Milagres de Saavedra, que ía tódolos anos, puxo a cozer canto touciño lle quedaba na casa, que por aí serían tres libras galegas, e levouno para a merenda cun curruncho de pan coma o puño dun neno. Eu fun con el aquel ano. O touciño era todo lardo, marelo e sen freba ningunha, pero cando acabou de merendar non lle quedaba nada. Pan sobroulle aínda un pouquiño. Daba reparo velo comer daquela maneira. Non sei como daría pasado o resto do ano, pero aquel día coñecía que non quería aforar.

—Verdade é —afirmou Masito—, e tamén todos vos acordaredes dos Rizos de Xarmar. Da de sabe-lo señor foristeiro que estas eran dous irmáns que nunca por estas partes se viron tales en forza, nin en altor e ancho de corpo, ata que el entrou pola porta desta súa casa. Eu vin como o máis vello dos irmáns facía rou-sar a pulso no curral un carro con oitenta gavelas de toxo, e non das pequenas. Pois éranlle homes de pouca comida, case mixiriqueiros. Parecía que se mantivesen do aire, ou do sol como di a súa mercé que fai.

—De cousas coma estas teño oído falar tamén moito por onde son eu —dixo o foristeiro—. Eso debe ser dependido ó tempero da xente, segundo os elementos que predominen nas persoas. Mais eu non son médico nin mago para lles dicir por que me pasa a min esto de comer tan pouco para o grande que son. E tamén eu teño bastante forza, sobre todo cando chega a mediodía e vai sol. Se cadra é que en min predomina o elemento do lume.

—E con esta noite que se puxo —preguntou a Inés—, ¿vai querer o señor continua-la viaxe, ou quedará a dormir en Demonte? Porque cada vez chove máis, e non é cousa de guiar un coche destas horas, non habendo moita necesidade.

—Non lle traio coche, señora, xa que sen preguntarmos mo pregunta, e deixou-me aquí un transportista moi atento que ía para a capital. E se quedei foi porque este lugar é o meu destino, non por non poder seguir, que el ben me levaba. Qui-xera quedarme aquí por un tempo, aínda non sei canto, e faláronme moito ben da súa hospitalaria pousada. Se cadra non lle despracería facerme o galano de me alugar un cuarto polo tempo que eu estea, dándome tamén de comer canda vostede e o seu señor esposo.

—Con moito gusto, meu señor, se se conforma coa nosa humilde casa. Polo prezo coido que non habemos de ter

cuestión, pois é norma do meu marido e miña gañar para vivir e non para enriquecernos.

—Calquera que sexa o prezo, miña señora —repuxo o cabaleiro—, non crerei eu, pagándoo, paga-la vosa hospitalidade que non ten prezo, e que é para min máis prezada ca diñeiro ningún.

—Señor —dixo nesto o Manuel de Braes—, estouno escoitando a vostede, e no falar non me parece de por aquí. Non o digo só pola súa fineza, que amosa grandes estudos e cortesía, senón tamén polo seu xeito de pronunciar, pois anque fala moi ben a nosa lingua non parece da nosa mesma nación.

—E non son dela, señor —respondou o viaxeiro—, senón doutra terra e ben lonxe, da outra banda do mar, que se chama Bretaña, onde hai grandes fragas. Elles unha terra moi fermosa, case tan fermosa coma o que levo visto da súa, pero paréceme que nela van suceder grandes desgracias. Tódolos meus amigos deron en tolamia e botáronse ós camiños buscando unha cousa máxica, e non peshan xa en máis nada. Por iso me viñen, por descansar algún tempo de os aturar.

—¿E haina, esa cousa máxica? —preguntou Inés.

—Haber habeara, mais igual ca se non a houbera. O máis que se pode é chegar a vela, e para iso pouco tempo e con pouca claridade. Mais meu tio, que é señor daquela terra, deu na cisma de posula, e os meus compañeiros levan xa máis de sete anos na súa demanda.

—¿E vostede non busca? —quiso saber Masito.

—Desde o principio de todo busquei tamén, que fun dos primeiros que saíron, mais fun cansando. Entrevina unha vez na casa dun pescador, pero era escore-dia coma unha nube de luz, se entenden o que lles digo. Se cadra nin sequer estaba alí, e era somente un reflexo. Daquela perdín toda a ilusión que tiña, que xa nen era moita, e os moitos golpes e feridas que recibín na demanda fixeron que me decidira a saír da miña terra por un tempo, coma xa fixera o máis sabio de nós.

—¿E logo pensa volver?

—¿E que remedio me queda! Aqueles tolos buscarán e buscarán, e desgraciá-rán o reino coa súa busca, e meu tio dá-tase conta de que non vale de nada buscar cando xa sexa tarde de máis. Daquela terei de volver eu, porque meu tio é vello, e aínda que non sirva para nada quero estar cabo del neses últimos días.

—¿E el non será un caldeiro máxico ou algo así o que buscan os seus compañeiros? —preguntou Manuel de Braes—. Digo porque eu teño lido aínda ben li-bros, e acórdame un que falaba unha cousa así.

—Para uns é caldeiro, para outros é copa, para outros unha gran pedra pre-ciosa caída do firmamento. Quizais sexa as tres cousas ou quizais ningunha, pero cousa máxica éa, e causa da ruína de tan boa terra tamén a será. Eu por min quero mellor estar aquí mentres poida, pois vou indo vello, e estou canso, e quixera folgar un pouco antes do meu inevitable regre-so.

—E se non fose moita a pregunta —dixo Manuel de Braes—, ¿poderíamos saber cal é a gracia de vostede?

—Eu chamome Galván —respondou o viaxeiro—, e son sobriño do rei Artur. □